

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2017.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario Acctal:

D. Pablo Sánchez Lage

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as doce horas do día dous de xaneiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario Acctal, D. Pablo Sánchez Lage, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria e urxente correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 13 de decembro de 2016.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

C) CONTAS E FACTURAS

Neste punto non se adoptou ningún acordo.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) PROPOSTA DE ALCALDÍA DE AMPLIACIÓN DA DOTACIÓN ORZAMENTARIA DAS BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO 2016-2017.

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE AMPLIACIÓN DE DOTACIÓN ORZAMENTARIA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28 DE OUTUBRO DE 2016 POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE BOLSAS E AXUDAS AO ESTUDO PARA O CURSO 2016-2017

Por Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión de 28 de outubro de 2016 aprobáronse as bases e a convocatoria para a concesión, mediante procedemento de concorrencia non competitiva, de bolsas e axudas ao estudo para o curso 2016-2017.

A Base Segunda establece que contía máxima destinada ás axudas é de 40.000,00 € (partida 326.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Asímesmo, establece que ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

Na data actual, dado o volume de solicitudes presentadas desta axuda e que non poden ser atendidas polo esgotamento do crédito inicialmente consignado, resulta necesario incrementar a dotación orzamentaria destinada a esta axuda.

Por todo o exposto PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

PRIMEIRO.- Ampliar a dotación orzamentaria asignada para a concesión das axudas económicas a conceder en concepto de bolsas e axudas ao estudo para o curso 2016-2017, na contía de 2.000,00 euros, con cargo á partida 326.481 euros.

SEGUNDO.- A ampliación de crédito non implica a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Ampliar a dotación orzamentaria asignada para a concesión das axudas económicas a conceder en concepto de bolsas e axudas ao estudo para o curso 2016-2017, na contía de 2.000,00 euros, con cargo á partida 326.481 euros.

2º) A ampliación de crédito non implica a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as doce horas e dez minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

O SECRETARIO Acctal,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Pablo Sánchez Lage

